



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito do emprego

Materia	Dereito do emprego			
Código	V08G211V01701			
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Casas de Ron, José M ^a			
Profesorado	Airas Cotovad, Xurxo Anxo Casas de Ron, José M ^a Martínez Fernández, Rafael			
Correo-e	jipontevedra@mitramiss.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo das políticas territoriais de emprego, o Sistema Nacional de Emprego e as políticas activas de xerar emprego. Especial referencia ao tecido normativo e institucional do emprego en Galicia			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para buscar, analizar e sintetizar información para construír argumentos e emitir xuízos en diferentes ámbitos de actuación profesional
B2	Capacidade para comunicar e defender de forma oral e escrita asuntos o temas relacionados con su especialidad
B3	Capacidade para el aprendizaje continuado y autónomo que permita la actualización de conocimientos en el ejercicio de su actividad profesional
B4	Capacidade para el aprendizaje continuo de nuevas tecnologías aplicables al ejercicio profesional
B5	Capacidade para desenvolver su actividad profesional conforme a los derechos fundamentales y al código deontológico profesional
C28	Conocer las políticas de empleo y las organizaciones públicas encargadas de diseñar e implementar las políticas públicas de empleo
D1	Capacidade de análisis y síntesis para la elaboración y defensa de argumentos, así como, organización, planificación y utilización del tiempo ante situaciones de presión
D3	Capacidade para la toma de decisiones de forma autónoma e independente de liderazgo y capacidade para el trabajo cooperativo en equipo, como habilidades en las relaciones interpersonales que favorezcan la eficacia interpersonal
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética y con responsabilidade social como ciudadano y como profesional, respetando la diversidade y multiculturalidad
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados de la realidade en relación con su significado y relacionarlos con las distintas ramas del ordenamiento jurídico

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
O alumno será capaz de elaborar a estratexia de recursos humanos nunha organización empresarial. Capacidade para intervir, dirixirse e recorrer ante as distintas Administracións Públicas e poder asesor sobre as medidas máis adecuadas para favorecer a incorporación ao emprego.	A2	B1	C28	D1
	A3	B2		D3
	A4	B3		D4
	A5	B4		D5
		B5		

Contidos

Tema	
Tema I: Os ámbitos territoriais das políticas de emprego. Estrategia Europea para el empleo. Os dereitos fundamentais e o emprego	1. Os programas de OIT: coñecementos teóricos e prácticos e empregabilidade, emprego xuvenil e promoción do emprego. 2. A Unión Europea: a estratexia Europa 2020 e o crecemento integrador. As orientacións de emprego. Flexiseguridad. 3. A Constitución Española e os dereitos fundamentais e o emprego. As competencias estatais: a Lei 56/2003: definición e obxectivos da política de emprego. 4. Competencias autonómicas: as políticas activas de emprego. 5. A dimensión local da política de emprego.
Tema II: O mercado de traballo en España. O Sistema Nacional de Emprego (SNE).	1. Concepto e fins. O mercado de traballo en España: o demandante de emprego. 2. Órganos: a) A Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais. b) O Consello Xeral do SNE. 3. Instrumentos: a) A estratexia europea de emprego. b) O plan anual de política de emprego. c) O sistema de información. d) O plan nacional de reformas. 4. Funcións e principios do SNE. 5. O Servicio Público de Emprego Estatal. a) Natureza e rexime xurídico. b) Competencias e organización. 6. O Sistema de Garantía Xuvenil. 7. Os Servizos Públicos de Emprego das CC.AA: competencias. 8. Os servizos á cidadanía.
Tema III: A selección e colocación de traballadores A intermediación laboral	1. O Convenio 181 OIT. 2. Órganos e principios da intermediación laboral. 3. Referencia á recolocación [outplacement]. Obrigas das empresas nos casos de despedimento colectivo. 4. As axencias de colocación: autorización e funcionamento. 5. As empresas de selección de persoal. 6. Actuación das empresas de traballo temporal. 7. O Emprego no marco dixital e das novas tecnoloxías. 8. As empresas de servizos e multiservizos. 9. A economía colaborativa. 10. O traballo autónomo
Tema IV: Fomento da contratación :medidas comunitarias estatais e autonómicas. Modalidades de contratación. As políticas activas de emprego: definición. Fomento do emprego.	1. Concepto e principios das políticas activas de emprego. 2. Identificación de políticas activas de emprego. 3. a) Incentivos á contratación por conta allea e ao mantemento do emprego: normativa estatal. b) Incentivos fiscais, de Seguridade Social e subvencións: técnicas empregadas. 4. Incentivos ao autoemprego. 5. A Lei Orgánica 3/2007 (L.O.I.) e o emprego. Fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e da coresponsabilidade familiar: medidas estatais e autonómicas.
Tema V: As distintas formas de inserción no mercado de traballo. Emprego e empregabilidade de colectivos desfavorecidos.	1. Identificación de colectivos desfavorecidos. 2. As vítimas de violencia de xénero: o marco da LO 1/2004. 3. Traballadores con discapacidades: a) Os centros especiais de emprego. b) Contrato de fomento de emprego. c) Reservas, preferencias e outras medidas de fomento para a integración laboral. 4. Traballadores en situación de exclusión social. a) As empresas de inserción. b) Relacións laborais nestas empresas. 5. Fomento do emprego de traballadores de idade madura
Tema VI: O emprego e as formas de protección fronte ao desemprego. Coordinación entre políticas activas e pasivas de emprego e activación da prestación e do subsidio de desemprego	1. As obrigas de beneficiarios de prestacións e subsidios. a) A inscrición como demandantes de emprego. b) O compromiso de actividade. c) A obriga de aceptar oferta de colocación acaídas. d) Outras: traballos de colaboración social, programas de emprego... 2. Programas de emprego para desempregados. a) Capitalización da prestación. b) Compatibilidade do traballo coa prestación ou co subsidio. c) Substitución de traballadores en formación. d) Incentivo da mobilidade. e) Especialidades para traballadores novos. 3. A renda activa de inserción.
Tema VII: A formación profesional para o emprego.	1. Concepto e obxectivos. 2. Os certificados de profesionalidade e o repertorio nacional. 3. O Catálogo Nacional de cualificacións. 4. A conta de formación do traballador. 5. Accións formativas, impartición da formación e centros e entidades de formación: o RD 395/2007. 6. Tipos de formación: a) formación de oferta e a formación de demanda. Permisos individuais de formación. O cheque formación.
Tema VIII: A capacidade para contratar A formación en alternancia co emprego.	1. Referencia aos contratos formativos. 2. A formación profesional dual: concepto e regulación. 3. Programas públicos de emprego-formación: as escolas-obradoiro, as casas de oficios e as unidades de promoción e desenvolvemento. 4. As bolsas e as prácticas profesionais: casuística, diferenza co contrato de traballo, dereitos das persoas bolseiras.

Tema IX: Organización e participación na formación profesional para o emprego.

1. A Fundación Tripartita para a Formación no Emprego. 2. Funcións do Consello Xeral do SNE. 3. Negociación colectiva e formación para o emprego: as comisións paritarias de formación. 4. O IV Acordo Nacional de Formación. 5. O II Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (2012-2014): obxectivos do capítulo II.

Tema X: Tecido normativo e institucional do emprego en Galicia.

1. A estrutura orgánica e as competencias en materia de emprego: o Servizo Público de Emprego de Galicia. 2. Axudas e subvencións de fomento do emprego. 3. A Fundación Galega da Formación para o Traballo. 4. O Consello Galego de Formación Profesional e o Instituto Galego das Cualificacións. 5. Os plans de formación sectoriais e intersectoriais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	34	8	42
Estudo de casos	15	15	30
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	30	31
Resolución de problemas e/ou exercicios	16	0	16
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Práctica de laboratorio	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Resolveranse todas as dúbidas expostas polos estudantes
Lección maxistral	Resolveranse todas as dúbidas expostas polos estudantes

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos teóricos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba teórica e escrita, que incluíra entre 4 e 6 preguntas de desenvolvemento sobre os distintos epígrafes do programa. O alumnado deberá demostrar a adquisición de coñecementos teóricos da materia en respostas de extensión intermedia. A cualificación obtida nesta proba suporá o 30% da nota final.	30	A4 B5 C28 D5 A5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os contidos prácticos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba/examen práctico consistente na resolución, por escrito, dun suposto/caso práctico no que alumnado aplicará os coñecementos prácticos adquiridos durante o cuatrimestre. A cualificación obtida nesta proba suporá o 25% da nota final.	25	A2 A4 D3 D5
Exame de preguntas obxectivas	Durante o cuatrimestre se realizarán 2 probas sobre unha parte dos contidos teóricos da materia. A cualificación obtida en cada test suporá un 15% da nota final. As datas de celebración de cada test/cuestionario serán fixadas polo docente no cronograma da materia.	30	A2 B4 A3 D5

Práctica de laboratorio	<p>A participación e intervención nas clases teóricas e prácticas, a elaboración de un traballo e a súa exposición pública, a preparación dos supostos prácticos ou das sesións teóricas, cando así proceda, a realización de cuestionarios na plataforma faitic, a asistencia a actividades formativas organizadas pola Área de Dereito do Traballo e, en xeral, calqueira actividade desenvolvida polo alumnado ao marxe das probas obxectivas parciais e finais, serán avaliados polo docente durante todo o cuatrimestre, tendo un valor sobre a cualificación final do 15%.</p> <p>EN TODO CASO, PARA QUE A CUALIFICACIÓN FINAL OBTIDA NA PARTICIPACIÓN EN CLASE E NAS PROBAS TIPO TEST POIDA SUMARSE Á CUALIFICACIÓN OBTIDA NAS PROBAS FINAIS DE RESPOSTA LONGA E DE CASO PRÁCTICO, NESTAS DÚAS ÚLTIMAS PROBAS DEBERÁ ALCANZARSE UNHA NOTA MEDIA DE 4.00. DE NON SER ASÍ, A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA EVALUACIÓN CONTINUA NON SE TERÁ EN CONTA, AINDA QUE PODERÁ CONSERVARSE PARA A CONVOCATORIA DE XULLO, QUE SE APLICARÁ MESMA REGRA</p>	15
-------------------------	--	----

Outros comentarios sobre a Avaliación

CONVOCATORIA ORDINARIA DECEMBRO/XANEIRO (sistema de avaliación continua/sistema de avaliación final)

a) Avaliación continua. Para poder optar por este sistema, deberá acreditar asistencia ao 80 % das clases teóricas e prácticas.

En caso contrario, sempre poderá acollerse ao sistema de avaliación final.

b) Avaliación final. Os alumnos que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados nun examen final. Trátase dunha proba escrita, de carácter teórico e práctico, sobre todos os contidos da materia e representará o 100% da nota final (60 por 100 parte teórica e 40 por 100 parte práctica).

CONVOCATORIA ORDINARIA DO MES DE XULLO:

Se o/a alumno/a non superase a materia na convocatoria ordinaria do mes de decembro/xaneiro, a nota obtida na avaliación continua desenvolvida durante o curso conservarase para a convocatoria do mes de xullo. Porén, se non superase a materia nas dúas citadas convocatorias do curso académico, o/a alumno/a tería que someterse un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

CONVOCATORIA FIN DE CARRREIRA

Na convocatoria FIN DE CARRREIRA o/a alumno/a será avaliado nun único examen escrito, de carácter teórico e práctico que representará o 100 % da nota final

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

1. CALVO GALLEGU, J. y MORALES ORTEGA, J.M. (coords.) y RODRÍGUEZ-PINERO ROYO, M. (dir.), **Lecciones de Derecho del Empleo**, Tecnos, última edición
 2. MERCADER UGUINA, J.R. (dir.), **Esquemas de Derecho del Empleo**, Tirant Lo Blanch, última edición
 3. MONEREO PÉREZ, J.L. (dir.), **El Estatuto Jurídico del Empleo**, Comares, última edición
 4. MONEREO PEREZ, J.L. Y OTROS, **Manual de política y derecho del empleo**, Tecnos, última edición
 5. SARAGOSSÁ y SARAGOSSÁ, J.V., LÓPEZ GANDÍA, J., LÓPEZ i MORA, F., **Derecho del Empleo**, Tirant Lo Blanch, última edición
 6. CASAS BAAMONDE, **Manual de Derecho del Trabajo**, Civitas, última edición
- CABEZA PEREIRO, J. y BALLESTER PASTOR, M^a. A., **La estrategia Europea para el Empleo 2020 y sus repercusiones en el ámbito jurídico laboral español**, Ministerio de Trabajo, última edición
- (coords. CABEZA PEREIRO, J. y CARDONA RUBERT, M.B., **Políticas sociolaborales**, Aranzadi, última edición

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS

No caso de que as condicións sanitarias obriguen a suspender a docencia presencial, continuarase a docencia de maneira virtual a través da plataforma de Teledocencia Faitic e das aulas virtuais da Universidade de Vigo. Na medida do posible os contidos da materia non se alterarán e, se fose necesaria bibliografía adicional, o profesorado a porá a disposición do alumnado en Faitic. Os estudantes serán atendidos de maneira personalizada a través do correo electrónico ou ben de titorías virtuais.

ADAPTACIÓN DE LA EVALUACIÓN

A avaliación poderá ser adaptada, tendo sempre en conta o obxectivo de favorecer a aprendizaxe do alumnado. As adaptacións dependerán do momento no que se produza a cancelación da docencia presencial. En todo caso, conservaranse as notas obtidas en probas presenciais ou ben na asistencia e participación nas clases.